

- 231 veciños da bisbarra do Val Miñor quedaron sen emprego durante o pasado mes de novembro: 95 en Gondomar, 76 en Baiona e 60 en Nigrán.

-As persoas afectadas pola falla de emprego elévase ao 18,84% da poboación activa de Gondomar, o 14,29% en Baiona, e o 14,16% en Nigrán, segundo a Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

O paro no Val Miñor medra en 231 persoas en novembro, o que supón un 5,03% máis respecto a outubro e sitúa o total de desempregados rexistrados na Oficina de Emprego comarcal nas 4.823 persoas, segundo o informe da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia presentado este martes. Segundo estes datos, a situación de desemprego alcanza ao 15,70% da poboación en idade activa da bisbarra. O municipio porcentualmente máis afectado é o de Gondomar, co 18,84% da súa poboación activa desempregada, seguido de Baiona, co 14,29% e Nigrán, co 14,16%.

En Gondomar o paro medrou en 95 casos netos, durante o mes de novembro, o que eleva o número total de desempregados a 1862 persoas empadroadas neste termo municipal. Do mesmo xeito, en Baiona rexistráronse 76 novos casos netos (alcanzando a un total de 1.222 persoas en desemprego), e Nigrán tivo outros 60 novos parados, cun total de 1.739 persoas.

O paro aumenta en Galicia case dous puntos máis que no conxunto do Estado   pra z a

O desemprego aumentou en Galicia un 3,26% no pasado mes, polo que o país conta con 8.724 parados máis que en outubro e suma xa 23.120 desempregados máis que hai un ano (+ 9,12%). En total, 276.536 parados no país, que é a cuarta autonomía con maior suba, e onde máis de 110.000 non perciben prestación ningunha.

O incremento do paro en novembro é de máis do dobre que o experimentado no conxunto do Estado, onde subiu un 1,5% e en 74.296 persoas, segundo os datos do Ministerio de Emprego coñecidos este martes. A cifra total de desempregados apuntados nos servizos públicos de emprego de España é de 4.907.817 millóns, a cifra máis alta da serie histórica.

Ademais, a Seguridade Social perdeu 205.678 afiliados. Este dato inclúe as 85.233 baixas das coidadoras non profesionais que desde o día 1 deste mes xa non figuran como afiliados do Sistema como consecuencia dos recortes en dependencia aprobados en xullo.

A suba do desemprego en novembro, mes no que historicamente adoita aumentar o paro, é a cuarta consecutiva tras a de agosto, setembro e outubro e o segundo peor rexistro neste mes dentro da serie tras o de novembro de 2008 (+171.243 desempregados).

Segundo os datos de Emprego, o paro subiu en novembro en ambos os dous sexos no Estado, pero máis entre as mulleres, con 50.764 desempregadas máis (+2%), fronte a un repunte do paro masculino de 23.532 homes (+1%), situándose o total de mulleres en paro en 2.491.589 e o de homes, en 2.416.228. Ademais, o desemprego baixou entre os mozos menores de 25 anos en 1.014 persoas (un 0,21% menos respecto ao mes anterior), o que contrasta coa evolución rexistrada en novembro do pasado ano, cando o desemprego neste colectivo creceu en 9.455, o que representaba un incremento do 1,98%.

Por sectores, o paro aumentou en novembro en todos eles, menos na construción, onde baixou en 2.271 persoas (-0,3%). Os servizos concentraron o 85% da suba do desemprego, con 63.166 desempregados máis (+2,1%), seguido da agricultura, con 5.777 parados (+3,1%); a industria, que sumou 4.670 novos desempregados (+0,9%), e o colectivo sen emprego anterior,

con 2.954 parados máis (+0,8%).
En canto á contratación, en novembro rexistráronse no antigo Inem un total de 1.151.771 contratos, un 5,4% menos que en novembro de 2011. Deles, 100.179 eran indefinidos, cifra equivalente ao 8,7% do total e un 19,4% superior á do mesmo mes de 2011.

En canto aos datos por provincias, Lugo foi onde máis subiu o paro en Galicia: 27.903 parados (1.580 persoas e 6% no último mes e 2.882 e 11,52% no último ano). Pontevedrá sumou 109.911 parados; A Coruña, 108.225; e Ourense, 30.497.